



BANDO

David Barbeira García, Alcalde-Presidente do Concello de Santa Comba, fai saber a toda a veciñanza as novas recomendacións e restricións para os Concellos que se atopen no nivel medio-baixo:

Recomendacións:

Espazos pechados: máximo 6 persoas. Espazos abertos: máximo 15 persoas. De 1:00 a 6:00 horas grupos so conviventes.

Restriccións:

-Hostalaría, restauración e furanchos: O horario de peche ao público será ás 1:00 horas sempre e cando se usen dispositivos medidores de CO₂ (efectos dende as 23.00 horas do 11/06/2021). As ceas por reserva, rexistro de clientes e CO₂ do local. Aforo na terraza:75% e no interior 50%. Non consumir en barra.

-As persoas usuarias dos centros de día poderán saír dar paseos pola contorna cos cuidadores/as. Nas residencias, permitirase o contacto físico nas visitas, os maiores poderán saír ata cinco veces por semana e ir pasar uns días coas súas familias.

-Velatorios e enterros: 10 persoas por túmulo, sexan ou non conviventes e 25 persoas no exterior, sexa ou non conviventes. Nos lugares de culto 50% da capacidade e garantir a distancia de seguridade de 1,5 metros. Actuacións de coros: Garantir 3 metros entre éstos e o público.

-Comercios e servizos: 75% capacidade. Establecer atención preferente a maiores de 75 anos.

-Albergues: 30% capacidade. Hoteles: zonas comúns (50% capacidade) para grupos de convivencia non estable. Para grupos de convivencia estable: Poderán manter a ocupación máxima das prazas.

-Academias, autoescolas, centros privados ensino non regrado e centros de formación: 50% da capacidade.

-Bibliotecas, arquivos, museos, salas de exposición etc, 50% capacidade. Actividades culturais nestes espazos: Máximo 10 persoas en interior e 20 no exterior nas actividades grupais, excluído monitor.

-Competicións deportivas, cines, teatros, auditorios, congresos, etc público sentado, 1,5 m distancia, 50% capacidade; 500 persoas interior/1000 aire libre, fluxo xente, desinfección, ventilación, rexistro de asistentes.

-Actos e reunións laborais, institucionais, académicas ou profesionais: 75% da capacidade máximo 150 persoas lugares pechados/ 300 aire libre.

-Centros, servizos sanitarios: 1 acompañante/menor, dependente ou xestante.

-Turismo ao aire libre organizado por empresas: grupos máximos de 20+monitor.

-Actividades infanto-xuvenís: aire libre 70% participación, máx 125+monitores grupos máx 15 persoas /espazos pechados 50 máximo, grupos ata 10 persoas, non contacto entre grupos.

-Lecer infantil 50%, 1 monitor/10 participantes, máx 15 rapaces/grupo no exterior/ max 6 rapaces/grupo interior. Non poderán interactuar grupos.

-Centros sociocomunitarios, centros cívicos, de convivencia, sociais...50%, máximo 6 persoas + monitor.

-Praias, parques e zonas deportivas públicas ao aire libre: 1 persoa/4m², grupos máximo 15 persoas.

-Actividade deportiva non federada: ao aire libre grupos máximo 15 persoas + monitor, sen contacto físico e con máscara// en centros pechados grupos 6 persoas+monitor, 50% capacidade, vestiarios 30% capacidade, ventilación frecuente// piscinas 50% capacidade. Deporte federado segundo protocolos.

Excepcións á máscara: Ao comer, beber, fumar, conviventes no vehículo, praias, ríos e piscinas cando se esté nun espazo quedo e na auga. Deporte/actividades físicas individuais ao aire libre con distanc. De seguridade.

Mantense o peche das actividades de festas, verbenas e outros eventos populares.

As medidas expostas terán efectos desde as 00.00 horas do día 12/06/2021 ata as 00.00 horas do 26 de xuño.

Santa Comba, 11 de xuño de 2021. O Alcalde. David Barbeira García